

Información xeral

As presentes disposicións regulan o uso do servizo do portal de internet (en diante, o "Portal") que a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA (en diante, SPI Galicia, SA), con NIF A15595275, domicilio en Avelino Pousa Antelo, nº-1, 2º, 15707 Santiago de Compostela, e teléfono 981 545 002, pon a disposición dos usuarios de internet.

SPI Galicia, SA é a titular do dominio "spigalicia.es" e dos distintos elementos nel incluídos.

O contido facilitado a través deste Portal emítese con efectos simplemente informativos e non substitúe a publicidade das disposicións e actos que teñan que ser publicados formalmente en boletíns oficiais. Aínda que se efectuarán os esforzos precisos para que a información contida sexa exacta e actualizada, SPI Galicia, SA non garante a inexistencia de erros no contido deste Portal, nin que se atope totalmente actualizado.

SPI Galicia, SA non se fai responsable dos danos e prexuízos que puidese ocasionar o uso ilexítimo ou inadecuado das ferramentas e informacións contidas no Portal con excepción de todas aquelas actuacións que resulten da aplicación das disposicións legais ás que deba someterse no estrito exercicio das súas competencias.

SPI Galicia, SA non asume responsabilidade algunha derivada da conexión ou contidos das ligazóns a páxinas externas sobre as que non se ten ningún control, debendo o usuario deste Portal, en todo caso, aterse ás condicións de uso específicas das devanditas ligazóns.

SPI Galicia, SA resérvase a facultade de efectuar, en calquera momento e sen necesidade de aviso previo, modificacións e actualizacións sobre a información contida ou na súa configuración ou presentación.

Propiedade intelectual e industrial

Os dereitos de propiedade intelectual deste sitio web e dos seus elementos contidos son titularidade de SPI Galicia, SA.

A información dispoñible neste Portal, salvo indicación expresa en contrario, é susceptible de reutilización, quedando autorizada a súa reprodución total ou parcial, modificación, distribución e comunicación, para usos comerciais e non comerciais, con suxeición ás seguintes condicións:

- Queda prohibida en calquera circunstancia a desnaturalización do contido da información.
- O usuario queda obrigado a citar a fonte dos documentos obxecto da reutilización.

Esta licenza non reduce ou restrinxe os dereitos exclusivos do titular dos dereitos de propiedade intelectual, tales como o deseño do Portal e códigos fonte, marcas, nomes comerciais, logos ou signos distintivos, de acordo coa Lei de propiedade intelectual ou calquera outras leis aplicables.

Política de cookies

Coa súa navegación, vostede presta o consentimento para recibir as cookies que poida utilizar o Portal, que en ningún caso se empregan para recoller información de carácter persoal.

SPI Galicia, SA non utiliza cookies para recoller información dos usuarios, nin rexistra as direccións IP de acceso. Únicamente utilízanse cookies propias, de sesión, con finalidade técnica (aquelas que permiten ao usuario a navegación a través do sitio web e a utilización das diferentes opcións e servizos que en ela existen). Créanse de forma temporal e, unha vez que se abandona o sitio web son eliminadas.

Tratamento de datos de carácter persoal

SPI Galicia, SA é a responsable do tratamento dos datos persoais do interesado e informalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto na normativa vixente de protección de datos persoais, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

- **Recepción de datos persoais**

Todos os datos persoais tratados en SPI Galicia, SA son proporcionados por os propios interesados ou seus representantes legais.

- **Responsable do tratamento dos seus datos persoais**

Identidade: Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA (SPI Galicia, SA).

NIF: A-15575295.

Dirección postal: Rúa Avelino Pousa Antelo, 1 – 2º - 15707 Santiago de Compostela.

Delegado de protección de datos: https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos?langId=es_ES. SPI Galicia, SA está adscrita á Consellería de Infraestructuras e Mobilidade.

- **Finalidade do tratamento dos datos persoais**

Datos de clientes: para o adecuado mantemento, desenvolvemento, cumprimento e control da relación contractual cos clientes e dos servizos que demanden.

Datos de provedores: para o adecuado mantemento, desenvolvemento, cumprimento e control da relación contractual cos nosos provedores e dos servizos que nos prestan.

Datos consultas: para xestionar e dar resposta as consultas, queixas, suxerencias e solicitudes que realizan os usuarios.

- **Lexitimación do tratamento dos datos persoais**

Datos de clientes: a base legal ou xurídica para o tratamento dos datos persoais dos clientes, é a execución do contrato ou pedidos que realizan.

Datos de provedores: a base legal ou xurídica para o tratamento dos datos persoais dos provedores, é a execución do contrato ou relación comercial existente coa empresa.

Datos consultas: a base legal ou xurídica para o tratamento dos datos persoais, é o consentimento prestado polo interesado ao realizarnos as consultas, queixas, suxerencias e solicitudes.

- **Destinatarios dos datos persoais**

Os datos persoais dos clientes, provedores, así como outros interesados poderán ser comunicados a terceiros para prestación de servizos relacionados coa relación contractual.

- **Tempo de conservación dos datos**

Datos de clientes e de provedores: os seus datos persoais conservaranse durante a vixencia da relación contractual correspondente e, unha vez finalizada esta, durante os prazos de prescrición de responsabilidades establecidas polas disposicións legais que resulten de aplicación.

Datos consultas: os datos persoais que nos proporcionan os usuarios ao contactar connosco conservaranse unicamente durante a xestión da solicitude que nos realiza.

- **Dereitos do interesado**

O Interesado poderá exercer en todo momento os seguintes dereitos, previstos no RGPD, en relación ao tratamento dos seus datos persoais:

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento.
- Dereito a opoñerse ao tratamento.
- Dereito á portabilidade dos datos.

Tales dereitos poderán ser exercidos mediante unha comunicación dirixida a SPI Galicia, SA, á dirección Rúa Avelino Pousa Antelo, 1 – 2º - 15707 Santiago de Compostela.

- **Medidas de seguridade**

SPI Galicia, SA adoptou as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado, segundo a natureza dos datos persoais tratados e as circunstancias do tratamento, co obxecto de evitar, na medida do posible e sempre segundo o estado da técnica, a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

Así mesmo, SPI Galicia, SA garante que implementou mecanismos para:

1. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
2. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
3. Verificar e comprobar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento dos datos.

- **Cambios na política de seguridade e de protección de datos**

SPI Galicia, SA resérvase o dereito de modificar a súa política de seguridade e protección de datos co obxecto de adaptalo ás novidades lexislativas ou xurisprudenciais, así como as que puidesen derivarse de códigos tipo existentes na materia, ou por decisións corporativas estratéxicas, con efectos da data de publicación da devandita modificación na páxina Web de SPI Galicia, SA.

Uso de linguas

O artigo 13 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, garante o exercicio dos dereitos lingüísticos recoñecidos no ordenamento xurídico e, en particular, os referidos ao uso do galego nas relacións da cidadanía coa Administración pública de Galicia. A estes efectos, o Portal posibilitará o acceso aos seus contidos e servizos en galego e castelán.

Lei aplicable e xurisdición

Para toda cuestión litixiosa ou que incumba ao Portal, será de aplicación a lexislación española, sendo competentes para a resolución de todos os conflitos derivados ou relacionados co uso do presente Portal, os Xulgados e Tribunais da cidade de Santiago de Compostela.